
A black and white photograph of a woman's face and arms. She is looking down, and her arms are crossed in front of her. The text is overlaid in a bright pink color.


**PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES  
ENTRE HOMES E MULLERES  
CONCELLO DE LOURENZÁ**

Lourenzá, a 25 de Novembro do 2013



➤ **Necesidade:** adaptarnos e dar resposta a realidade da sociedade galega de principios do século XXI, en constante cambio e evolución e, en concreto, a realidade en termos de desigualdades de xénero das mulleres e dos homes que viven no noso territorio municipal.

➤ **Obxectivo:** dar outro paso máis neste longo camiño que supón a loita por acadar a igualdade efectiva das mulleres e homes buscando o compromiso de toda a cidadanía e especialmente da administración para promover e implantar medidas axeitadas a través das cales academos vivir nunha sociedade na que todas as persoas teñamos as mesmas obrigas e dereitos, sen que repercuta o sexo co que nacemos.



O concello, pola súa proximidade ós/ás cidadáns/ás, é o marco idoneo para desenvolver programas dirixidos a dar respostas a discriminación por razón de sexo.

**Necesidade:** establecer unha serie de medidas que permitan acceder ó conxunto das mulleres ás canles socialmente establecidas para a súa incorporación ó mundo educacional, laboral, económico e de convivencia, contribuindo a facer unha sociedade máis xusta, enriquecida coa achega específica dos seus valores, baseando as relación na igualdade e o respecto á diversidade.



# Estructuración do Plan por áreas de actuación:

- Benestar social e saúde.
- Formación e emprego e inserción laboral.
- Educación, corresponsabilidade e conciliación
- Abordaxe integral da violencia de xénero.

# BENESTAR SOCIAL E SAÚDE

**OBXECTIVO XERAL:** Que a muller poida acceder á información e aos recursos da área social e enfocala hacia outras canles de axuda de ser preciso.

Garantir as distintas mulleres, con casuísticas distintas o acceso á información e aos recursos públicos e privados, promovendo un acceso igualitario de homes e mulleres.

# BENESTAR SOCIAL E SAÚDE

## *ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS:*

- ✓ Difundir o PIOM do Concello de Lourenzá nos distintos departamentos e axentes sociais implicados (Centro de Saúde, Garda Civil, Colexios, Centros Sociais, Asociacións,..) .
- ✓ Centrar a difusión dos recursos a través das novas tecnoloxías (internet).
- ✓ Desenvolver actividades de tempo libre como espacio de benestar físico e de socialización( Taller de Memoria, Viaxes, Teatro, Tardes de Xogos...)
- ✓ Informar e orientar ás mulleres sobre tódolos dereitos e recursos que están á súa disposición.
- ✓ Apoiar calquera iniciativa que fomente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (asociacións, actividades lúdicas relacionadas,... )





# FORMACIÓN, EMPREGO E INSERCIÓN LABORAL

**OBXECTIVO XERAL:** Favorecer a inserción laboral das mulleres do Concello eliminando as barreiras que dificulten a súa plena incorporación.

**Mellorar os niveis de formación das mulleres do Concello.**

# FORMACIÓN, EMPREGO E INSERCIÓN LABORAL

## *ACTUACIONES ESPECÍFICAS:*

- ✓ Informar as mulleres anotadas na Bolsa de Emprego Municipal das oportunidades laborais e formativas que xurdan.
- ✓ Solicitar cursos formativos de cara a formación das mulleres.
- ✓ Coordinar co Servizo Público de Emprego Estatal e outras Entidades implicadas na formación e promoción laboral .
- ✓ Colaborar na organización de cursos de formación que permitan a incorporación das mulleres ó mercado laboral que xurda no ámbito municipal.





# EDUCACIÓN, CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

**OBXECTIVO XERAL:** Fomentar a educación á cidadanía e a corresponsabilidade de homes e mulleres na asunción de tarefas habituais da vida familiar, tales como o coidado dos fillos/as, dos ascendentes, no coidado do fogar, etc.

# EDUCACIÓN, CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

## *ACTUACIONES ESPECÍFICAS:*

- ✓ Organización de charlas informativas referentes a igualdade.
- ✓ Celebración do Día da Muller Traballadora no concello mediante actividades lúdica (proxección películas, exposicións, concurso de poesía, charlas coloquio).
- ✓ Promover medidas de conciliación da vida familiar e laboral e corresponsabilidade ofrecendo os seguintes recursos.
- ✓ Programa de Educación Familiar.
- ✓ Colaborar co programa “ Educando en Familia”.
- ✓ Punto de Atención á Infancia ou Escola Infantil Municipal.
- ✓ Centro de Día de Maiores.

# VIOLENCIA DE XÉNERO

**OBXECTIVO XERAL:** Previr e abordar a violencia de xénero desde as súas diferentes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e a protección das vítimas con actuacións de carácter integral.

Sensibilizar e concienciar sobre o problema que representa a violencia de xénero para o conxunto da sociedade

# VIOLENCIA DE XÉNERO

## *ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS:*

- ✓ Celebración do Día Internacional contra a violencia de xénero (teatro, lectura de manifestos, proxección de película, charlas, cursos)
- ✓ Solicitud de actividades á Secretaria xeral de Igualdade
- ✓ Adhesión ó protocolo de colaboración entre a secretaria xeral e a FEGAMP para establecer unha rede de entidades locais en contra da violencia de xénero
- ✓ Elaborar protocolo de actuación profesional en caso de violencia de xénero
- ✓ Servizo do Centro de Información a Muller compartido con Mondoñedo e Abadín
- ✓ Asesorar e colaborar coas diferentes institucións na detección e abordaxe dos casos de violencia de xénero.
- ✓ Coordinación co Centro de Saúde, Garda Civil, CIM, Colexios, Escola Infantil,...



**non cales,  
denuncia**



**25 de Novembro:**

**Día Internacional Mundial en  
contra da violencia de xénero**

**Cando o sangue é dunha muller  
maltratada, a ferida é de todos.**

**GRAZAS**